

# HOW TO HAVE SEX

Molly Manning Walker, 2023

# 1252

---

ESTREA EN NUMAX: 15.03.2024 | V.O.S.E. | +16 | 91 min

Tres adolescentes británicas vanse de vacacións, beben, saen de festa e ligan no que debería ser o mellor verán das súas vidas. Mentres bailan polas solleiras rúas de Malia, enfróntanse ás complexidades do sexo, o consentimento e o autodescubrimento. Capturado con imaxes luminosas e unha banda sonora perfecta, o debut na dirección de Manning Walker pinta un retrato doloroso e real da mocidade adulta e de como deberían -ou non deberían- desenvolverse as primeiras experiencias sexuais.

«Manning Walker demostra ser unha talentosa artista visual e transforma as rúas de Malia nalgo sacado dun western postapocalíptico»

Kevin Maher, THE TIMES

---



## Entrevista con Molly Manning Walker: «Temos tendencia a agochar como nos sentimos»

Por Yago de Torres

**Cando Tara presencia sexo en directo, móstrase visiblemente incómoda, aínda que decide finxir que o está pasando ben. Igualmente, despois da agresión que sofre, atopa moitas dificultades en verbalizar o que sucedeu ante as súas amigas.**

**De onde cre que vén esta represión?** A vergoña é o factor fundamental. Se tivésemos menos medo de sentirnos vulnerables, as persoas terían máis fácil falar sobre os seus sentimentos. Temos tendencia a agochar como nos sentimos sempre que atopamos unha disrupción cunha idea preconcebida, que vén pola nosa educación, sobre como deberíamos sentirnos.

**Esa mesma necesidade de iniciar unha conversa parece o corazón da película.**

**Con que intención decide contar esta historia?** Fun agredida sexualmente cando tiña dezaseis anos e nunca sentín un espazo seguro para iniciar unha conversa. Cando daba o paso e atrevíame a falar diso, non sentía que os demais tivesen as ferramentas ou a linguaxe para abordar un conflito destas características. A miña intención coa película era indagar nas razóns polas que iniciar esta conversa é tan complicado, e ao mesmo tempo, explorar como as sobreviventes a unha agresión poden mesmo saír adiante sen esta axuda.

**Expón a idea de consentimento sexual como un concepto confuso, cheo de grises.**

**Aínda que o corpo de Tara claramente exprese que non quere ter sexo e teña verbalizado a súa incomodidade varias veces, na primeira agresión da praia, Paddy pregunta e Tara termina consentindo verbalmente.** Creo que o concepto de consentimento volveuse algo demasiado binario. Todo o mundo obsesiónase co "si" ou o "non" verbal, pero tamén deberíamos prestar atención á linguaxe corporal e a como a outra persoa está a sentirse nunha situación determinada. As relacións sexuais deberían ter máis que ver con pasar un bo momento co outro, involucrarse verdadeiramente, relacionarse dunha maneira máis profunda. Aí atopamos o consentimento, máis que en preguntas binarias.

**Outro personaxe moi forte é Skye. Pódese intuír polos seus comentarios que non tivo boas experiencias sexuais no pasado. Con todo, cada vez que pode, dedícase a minar a Tara. O final da película ten algo de esperanzador, pero, nas dúas secuencias do aeroporto, decide deixar a Skye fóra de cadro nese momento de sororidade.** Skye é unha persoa que ten os seus propios problemas e vive presa das súas propias inseguridades. Era moi importante para min facer unha película que non deixase aos homes fóra da conversa, por iso queríamos mostrar que a presión social vén desde diferentes ángulos. Tamén desde as mulleres.

**Nos homes da película adiviñamos un pacto de silencio, aínda que traballe dous personaxes claramente diferentes.** Queríamos que se recoñecesen na película. Evidentemente, de primeiras é moi complicado identificarse cun agresor como Paddy. O personaxe de Badger, con todo, é cálido, divertido, podes sentir que é unha boa persoa aínda que non deixe de fallar a Tara e nunca atope a linguaxe necesaria para poder axudala. Oxalá todos cambiemos para poder atopar esas palabras.

**A partir da agresión, o tempo da película transfórmase e deixa de ser estritamente cronolóxico. Está relacionado coa desorientación de Tara? Co trauma?** Efectivamente, nesa segunda parte da película, Tara comeza a dissociar e todo se volve borroso, fragmentado e desagradable para ela. A primeira parte, con todo, é completamente lineal, feliz, con ese aura de vacacións modo Disneyland nas que consigues afastarte uns días da túa familia.